

# **Cuestionario Rexurdimento**

## **Contexto político**

- 1.Fai unha liña temporal cos acontecementos históricos que tiveron lugar na España do século XIX.
- 2.Cal era a función da Xunta Suprema do Reino? Que significou para os galegos?
- 3.Cal é a causa inmediata para que xurdise o Provincialismo?

## **Contexto económico**

- 4.Cales son os axentes produtivos da Galicia decimonónica?
- 5.Cal é a situación das infraestruturas?
- 6.Por que se estancou a demografía galega a partir da 2ª metade do XIX?
- 7.A que países se emigraba preferentemente durante este século?
- 8.Mellorou a situación económica a emigración de tantos galegos e galegas?
- 9.Que ocorreu coa chegada do ferrocarril a Galicia. Por que pensas que era tan importante unha infraestrutura como esta?

## **A evolución do pensamento galeguista**

- 10.Que reivindicaban os provincialistas?
- 11.Cando aparece o termo por primeira vez? Con que significado se usaba este termo?
- 12.A que aspiraban os provincialistas?
- 13.Cales son as bases do seu ideario?
- 14.Que teñen que ver os provincialistas cos "mártires de Carral"?
- 15.Resume os acontecementos de Carral de 1846.
- 16.Cal é o punto de arranque do Rexionalismo? Con que movemento literario coincidiu?
- 17.Que criticaban os rexionalistas?
- 18.Que cambios se producen no Rexionalismo con respecto ao Provincialismo?
- 19.Cales son as tendencias e os máximos representantes do Rexionalismo Galego?
- 20.En que aspectos basean os rexionalistas a diferenciación de Galicia como pobo?
- 21.Que produce o declive do Rexionalismo?

## **A lingua no século XIX**

- 22.Cales foron as causas para que no XIX a castelanización de Galicia se incrementase tanto?
- 23.Cales foron as dúas institucións que máis dano causaron na desgaleguización do territorio? De que estratexias se valeron para acadar esta desgaleguización?

## **Claves do Rexurdimento**

24.Cales son os elementos claves do Rexurdimento?

25.Que foi o Banquete de Conxo?

26.En que períodos podemos dividir o Rexurdimento?

27.Quen son considerados os 3 grandes autores/as do Rexurdimento? A que período do Rexurdimento pertencen?

28.Que obra marca o inicio do Rexurdimento?

29.Cal foi o xénero predominante da literatura desta época?

30.Que son os Xogos Florais? Por que tiveron relevancia os Xogos Florais de Tui?

31.Que é o Álbum de la Caridad?

32.Ademais de pola literatura en que outros campos se reforzou a lingua escrita en galego?

33.Cal é o ano culminante do Rexurdimento? Cita 2 obras deste ano.

34.Que foi a Cova Céltica?

35.Explica cales foron os obxectivos do Rexurdimento.

36. Que iniciativas se levaron a cabo nos seguintes campos da cultura?:

- Historiografía
- Filoloxía
- Prensa escrita
- Folclore
- Música
- Literatura

37.En que ano se constituíu a Real Academia Galega? Quen a presidiu por primeira vez?